




UNIVERSIDADE DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA



Servicio de Alumnado

Pavillón Estudiantil
Campus universitario sur
Santiago de Compostela (España)

Como contestación ó último correo electrónico informoa do que segue:

- a) O Consello de Universidades aínda non contestou sobre a proposta dos TAD como créditos optativos específicos, polo tanto non está aceptada esa proposta e os TAD deberán figurar ata o de agora como créditos optativos.
- b) Namentres non se emita outra resolución para modificar as actuais táboas de adaptacións, as únicas válidas son as que temos. A este respecto algunhas das propostas que facedes son viables, pero outras non. En todo caso non se eliminará a adaptación da troncalidade, con independencia de que ata donde sexa posible contemplarase a opción para que o alumno elixa. A realidade é que "as titulacións de Filoloxía que menos problemas causaron foron as que realizaron as adaptacións consonte a normativa vixente, é dicir, respetando a troncalidade. Todos os demais problemas viñeron porque a Comisión de Plans de Estudio do centro non respetou a legalidade invadindo competencias do Consello de Universidades que non lle corresponden".

c) Accesos a segundos ciclos.:

1.- O centro pode "suxestionar" as materias que poden cursar os alumnos. Entre estas materias **non poden cursar materias troncais do primeiro ciclo**, xa que estas teñennas cursadas na universidade ou estudos de procedencia (directrices propias de cada titulación).

2.- Os complementos de formación deben contarse para computar os 300 créditos: "*... nos casos de continuación dos mesmos ou diferentes estudos que se veñan cursando, cos correspondentes ó segundo ciclo, na mesma ou diferente Universidade, con ou sen complementos de formación, a obtención do título oficial de Licenciado ou Enxeñeiro, esixirá a superación dun mínimo de 300 créditos...*" **RD 1497/1987 do 27 de novembro e posteriores modificacións.**

3.- O carácter dos demais créditos será os que teñan as materias cursadas ata completa-los 300, e **as materias que poderán cursar son as non cursadas na titulación**, polo tanto obrigatorias ou optativas xa que as troncais fixeronas no primeiro ciclo cursado.

Santiago de Compostela, 13 de decembro de 2000
A xefa do Servizo

Josefa Recalde Fernández

SRA. DECANA DA FACULTADE DE FILOLOXÍA.